

# REMATE DO ENTROIDO



Chegado o último día do entroido, o mércores de cinza, toca a despedida, acaba a festa e hai que prepararse para a Coresma. Para iso quéimase o **Meco** despois de facerlle un xuízo xusto.

Este meco é un boneco que representa tódolos vicios e excesos destes días de troula: comer e beber a fartar, cantar e bailar, burlarse e disfrazarse,...

Organízase un cortexo fúnebre onde se lle acompaña, no seu paseo pola vila, vestidos de loito. Cando se chega ao lugar da execución, fáiselle un xuízo onde se lle acusa de tódalas súas faltas. Lese a continuación o **testamento** do boneco, onde este vai deixando as súas pobres prendas a diversas persoas destacables da comunidade ese ano. Logo quéimase.